

**ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA E URXENTECELEBRADA POLO  
CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XULLO DE 2019**

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o trinta de xullo de dous mil dezanove, reunese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria e urxente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL  
DONA CRISTINA FRANCO PARDO  
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO CHAO  
DON JESÚS TRASTOY CAMBA  
DON ALBERTO DÍAZ DÍAZ

Non asiste o Concelleiro DON MARIO ROUCO REY.  
Dá fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.  
Sendo as trece horas e trinta minutos pola Presidencia declarase aberta a sesión.

**1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.**

O Alcalde explica que a urxencia vén motivada polo feito de que a obra de abastecemento de auga na Xestosa ten un prazo de execución de tres meses e que esta obra debe estar finalizada antes do próximo día 31 de outubro xa que está subvencionada con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental

Sometese a votación a urxencia da sesión.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade, acordan aprobar a urxencia da sesión.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REXEITAMENTO DO LICITADOR AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE**

O Sr. Alcalde-Presidente presenta a seguinte proposta:

Vista a resolución da Alcaldía 2019-0291 de data 17.07.2019 que literalmente di:

“Celebrada sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Muras, como órgano de contratación, o 16.07.2019 no que, por unanimidade, aprobouse o seguinte punto:

“Vista a acta de valoración das proposicións presentadas para tomar parte no procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra de Abastecemento de auga na Xestosa e melloras na traida municipal do Concello de Muras, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental do ano 2019 na que a Mesa de contratación acorda requerir, no prazo de cinco días hábiles xustificación da oferta económica presentada polo licitador CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA S.L. CIF. B27156801 xa que a mesma atópase en baixa temeraria de conformidade ca cláusula decimo primeira do prego de clausulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Visto que o requerimento se fai na data 27.06.2019 e que o licitador a recibe o 28.06.2019.

Vista a documentación xustificativa aportada por CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA S.L. dentro do prazo legalmente concedido (2019-E-RE-80).

Visto o informe emitido polo asesor urbanístico do Concello, don Antón Gandoy Fernández, no que conclúe:

*“En base a todo o anteriormente analizado, pódese concluir que non queda xustificado na documentación presentada pola empresa Construcciones y Canalizaciones José Saa S.L. respecto da oferta presentada para o Lote 1 da Obra de abastecemento de auga na Xestosa, que dita oferta non sexa anormalmente baixa.*

*A xustificación presentada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polos seguintes motivos,*

*- A nivel de materiais non é aceptable xustificar o aforro de parte do importe da partida XT1 M3 Transp. Cant. <20km. Carga mec., mediante o traslado de terra a parcelas privadas.*

*- A nivel de custos laborais, aportouse unha xustificación insuficiente sobre nóminas de fai case un ano, onde non se calcula o custo horario, sendo as estimacións feitas por este técnico de ditos custos salariais superiores as de proxecto.”*

Visto o artigo 149.4 que sinala: “En todo caso, los órganos de contratación rechazarán las ofertas si comprueban que son anormalmente bajas porque vulneran la normativa de subcontratación o no cumplen las obligaciones aplicables en materia de medioambiente, social o laboral, nacional o internacional, incluyendo el incumplimiento de los convenios colectivos sectoriales vigentes, en aplicación de lo establecido en el artículo 201.

Se entenderá en todo caso que la justificación no explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos por el licitador cuando esta sea incompleta o se fundamente en hipótesis o prácticas inadecuadas desde el punto de vista técnico, jurídico o económico”.

E por iso polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo, como órgano de contratación:

**PRIMEIRO.-** REXEITAR a xustificación da baixa temeraria presentada polo licitador CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA S.L. xa que a mesma non queda xustificada segundo o informe emitido polo asesor xurídico do Concello.

No uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e o artigo 41.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** REXEITAR, conforme o acordado polo Pleno do Concello de Muras como órgano de contratación, a xustificación da baixa temeraria presentada polo licitador CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA S.L. xa que a mesma non queda xustificada segundo o informe emitido polo asesor xurídico do Concello.

**SEGUNDO.-** Requerir á seguinte empresa AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE S.L. para que presente a documentación acreditativa segundo a cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas no prazo de SETE DÍAS HÁBILES dende a data do envío da comunicación, do cumprimento dos requisitos previos.

**TERCEIRO.-** Requerir á empresa AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE para que constitúa garantía por importe de 10.283,47€ (5% do precio final ofertado IVE excluído)

**CUARTO.-** Notificar aos interesados.

**QUINTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, dona Silvia Lamelas Soto, como Secretaria dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo).”

Visto que con data 26.07.2019 AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE presenta a seguinte documentación:

- Xustificante de constitución de garantía definitiva.
- Certificados de atoparse ao corrente cas Axencias Tributarias estatal e galega e ca Seguridade Social.

Vista a cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas que literalmente di:

“No mesmo acto, a mesa de contratación requerirá, mediante comunicación electrónica, ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, constitúa a garantía definitiva, así como para que **achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 LCSP.**

[...]”

Visto que AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE non presenta dita documentación, é por iso polo que proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** REXEITAR á empresa AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE por no presentar a documentación requirida na cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares que rixen no presente contrato.

**SEGUNDO.-** Requerir á seguinte empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. para que presente a documentación acreditativa segundo a cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas no prazo de SETE DÍAS HÁBILES dende a data do envío da comunicación, do cumprimento dos requisitos previos.

**TERCEIRO.-** Requerir á empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. para que constitúa garantía por importe de 10.379,62€ (5% do precio final ofertado IVE excluído).

**CUARTO.-** Proceder á devolución da garantía definitiva presentada AQUA-NOR AGUAS DEL NOROESTE

**QUINTO.-** Notificar aos interesados.

Non obstante o Pleno adoptará o acordo que considere oportuno.

Aberto o debate, producense as seguintes intervencións:

Don Jesús Trastoy Camba pregunta por qué non se chamou telefónicamente á empresa para que presentaran correctamente a documentación.

O Sr. Alcalde responde que se lles notificou electrónicamente mediante requerimento, tal e como marca a Lei de Contratos do Sector Público.

Sometese o asunto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade, acordan aprobar o mencionado punto.

O Sr. Presidente levantou a sesión as trece horas e trinta e oito minutos, dá que se estende a presenta acta que asina conmigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe